



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día 23 de xaneiro de dous mil quince tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as nove horas do día vintetres de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz e dona Yolanda María Varela García; asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día 12 de decembro de dous mil catorce.

2.- LICENCIAS DE OBRAS

Dáse conta do escrito número 1555, de data 12 de decembro de 2014, suscrito por D. Ramón Castro Barral, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Restauración do muro dun alpendre sito no lugar de Santoandré, número 5, parroquia de Carmoega deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 8 de xaneiro de 2014, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente o solicitado.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



Dáse conta do escrito número 1512, de data 28 de novembro de 2014, suscrito por D. Fernando Doval Saa, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cerre de parcela con malla sita na parcela 17 do polígono 501 da zona 10 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 8 de xaneiro de 2014, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente o solicitado.

Dáse conta do escrito número 1517, de data 1 de decembro de 2014, suscrito por D. Eusebio Pérez Castro, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cerre de finca con postes de madeira e malla verde sita na parcela 60 do polígono 501 da zona 9 no lugar de A Lagoa deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 8 de xaneiro de 2014, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente o solicitado.

Dáse conta do escrito número 1529, de data 5 de decembro de 2014, suscrito por D. Hortensia Moure Ferro, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Derribo de parede e vaciado sita na parroquia de Berredo, número 16 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 8 de xaneiro de 2014, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente o solicitado.

3.- EXPEDIENTE CONTRATO DA OBRA SANEAMENTO E FORMIGONADO DE CUNETAS EN AGOLADA, BUXÁN E COUSO. AMPLIACIÓN PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS 2014.

Visto o expediente tramitado para a SANEAMENTO E FORMIGONADO DE CUNETAS EN AGOLADA, BUXÁN E COUSO.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



A Xunta de Goberno Local, de conformidade co dispositivo no artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación.

Segundo.- Adjudicar o contrato a D. JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ BALBOA (CONSTRUCCIONES ROUCO).

Terceiro.- Aprobar o gasto, polo importe total de 22.096, 39 euros, con cargo a partida 0.2014.454.619, do Estado de Gastos do Presuposto 2015, nivel de vinculación xurídico Área de Gasto 4, Capítulo VI

4.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS ACTUACIÓNS E MEDIDAS REDE NATURA 2000. EXERCICIO 2014/2015.

Visto o expediente tramitado para a ACTUACIÓNS E MEDIDAS REDE NATURA 2000, EXERCICIO 2014/2015 (ANUALIDADE 2015.)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co dispositivo no artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación.

Segundo.- Adjudicar o contrato a empresa VERTEBRA AMBIENTAL, S.L.u

Terceiro.- Aprobar o gasto, polo importe total de 13.290, 63 euros, con cargo a partida 0.2014.169.221, do Estado de Gastos do Presuposto 2014, nivel de vinculación xurídico Área de Gasto 1, Capítulo II.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062 / 063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "INSTALACIÓN PARQUES INFANTIS, COLEXIO PUBLICO AGOLADA, CARRETERA DE AGOLADA E BORRAXEIROS". AMPLIACIÓN PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2014.

Vista a Resolución de concesión de axuda do PLAN URXENTE DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS PARA O ANO 2014.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da "INSTALACIÓN PARQUES INFANTIS, COLEXIO PUBLICO AGOLADA, CARRETERA DE AGOLADA E BORRAXEIROS".

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 23.400 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación da "INSTALACIÓN PARQUES INFANTIS, COLEXIO PUBLICO AGOLADA, CARRETERA DE AGOLADA E BORRAXEIROS" por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 330.221 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2015.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de "INSTALACIÓN PARQUES INFANTIS, COLEXIO PUBLICO AGOLADA, CARRETERA DE AGOLADA E BORRAXEIROS", por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas, polo menos, a tres empresa.

6.- SUBSANACIÓN ERRO SUBVENCIONS ASOCIACIONES CULTURALS, VECIÑAIS, DEPORTIVAS E OUTRAS. EJERCICIO 2014.

Na Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2014, aprobaronse a subvencións a Asociación culturais, veciñais, deportivas e outras para o exercicio 2014. Debido a un erro na transcripción do acordo, a Xunta de Goberno Local en votación



concello de
agolada

Tel: 986 788 062 / 063

Fax: 986 788 190

concello@agolada.es

<http://www.agolada.es>



ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a rectificación do anterior acordo, quedando como se indica a continuación:

"Examinado o expedientes tramitados para a concesión de subvencións e axudas económicas ás asociacións culturais, deportivas, veciñais, xuvenís e outras con domicilio social no Concello. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder ás asociacións sen ánimo de lucro radicadas no Concello que se indican máis adiante as subvencións e axudas económicas polos importes que asemesmo se indican:

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN
CORAL POLIFÓNICA DE AGOLADA	3.500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "BICO DE BALOUTA"	2.000 €
QUAD CLUB AGOLADA	1.000 €
ASOCIACIÓN JUBILADOS E PENSIONISTAS DE AGOLADA	1.000 €
SOCIEDADE DEPORTIVA AGOLADA	8.000 €
ASOCIACIÓN AMAS DE CASA "TEMPORAS"	500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "XERACIÓN NÓS" BORRAXEIRO	1.000 €
ASOCIACIÓN CULTURAL "AGOLADA CREA"	3.000 €

Segundo.- Notificar o presente acordo as entidades beneficiarias da subvencións e axudas económicas para que presenten a correspondente xustificación das actividades realizadas."

7.- AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS 2015. PROGRAMA DE SOCORRISMO E FORMACIÓN ACUÁTICA.

O abeiro da orde do 23 de decembro de 2014 reguladora das Axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora de empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



1. Aprobar o proxecto denominado "PROGRAMA DE SOCORRISMO E FORMACIÓN ACUÁTICA".
2. Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización do mencionado servizo.

8.- APROBACIÓN PROXECTO E SOLICITUDE AXUDA INSTALACIÓN ASCENSOR NA CASA CONSISTORIAL.

Vista a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, a Xunta de Goberno en votación ordinaria e por unanimidades acorda:

- 1.- Solicitar dita subvención para o proxecto denominado: DOTACIÓN DE APARATO ELEVADOR E EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA EDIFICIO MUNICIPAL. CASA DO CONCELLO DE AGOLADA, cun orzamento total de 45.548, 72 € e aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.
- 2.- Que con data 05/09/2014 este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2013 ao Consello de Contas de Galicia.
- 3.- Que este Concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.
- 4.- Que os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I, II e III do estado de ingresos do orzamento liquidado do Concello do ano 2013 ascenden á cantidade de 673.300, 87 euros.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063

Fax: 986 788 190

concello@agolada.es

<http://www.agolada.es>



9.- RENOVACIÓN SERVICIO ORIENTACIÓN LABORAL

Vista a Orde do 23 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a solicitude da citada subvención, para darlle continuidade o servizo que xa actualmente se está ofrecendo en colaboración cos Concellos de Rodeiro e de Antas de Ulla.

10.- APROBACIÓN SOLICITUDE PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015.

Vistas as bases reguladoras do Plan de Conservación e Funcionamento de bens e servizos municipais 2015, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a solicitude de dita subvención para a contratación de 20 persoas desempregadas a media xornada durante seis meses.

11.- SOLICITUDE FINANCIACIÓN MELLORAS INSTALACIÓNS LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI.

Vista a orde do 2 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e a agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, (estas subvencións son susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013), a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda solicitar a mencionada subvención para o proxecto denominado "Eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación da Casa de Cultura de Agolada".

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

Dáse conta do escrito número 1554 de data 11 de decembro de 2014 de ABANCA, no que solicita información sobre aval polo que se afianzaba a Obras y Servicios Golada



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063

Fax: 986 788 190

concello@agolada.es

<http://www.agolada.es>



Obraserg E.C., S.L., por importe de 17.616 pesetas, en garantía da "Adxudicación da parcela número 5 do parcelario do polígono industrial de Agolada".

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Autorizar a cancelación das garantías constituídas por Obras y Servicios Golada Obraserg, E.C., S.L., por importe de 17.616 pesetas, en garantía de "Adxudicación da parcela número 5 do parcelario do polígono industrial de Agolada".

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as dez horas e quince minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a vintetres de xaneiro de dous mil quince.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,

